



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón

Materia	Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón			
Código	O03G081V01922			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Bravo Bosch, María José			
Profesorado	Bravo Bosch, María José			
Correo-e	bravobosch@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxecto o estudo das peculiaridades do dereito angloamericano			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C26	CE32 - Coñecer a organigrama xurisdiccional español e da U.E., a organización e funcións do persoal xurisdiccional e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como as institucións básicas do proceso civil e as súas modalidades procedimentais.
C79	CEI 32 - Coñecer as diferenzas entre os dous grandes sistemas xurídicos contemporáneos: o sistema romano-canónico europeo e o CommonLaw.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Trátase de realizar unha análise comparativa entre os máis importantes sistemas xurídicos imperantes no mundo actual: o anglosaxón e o continental ao que pertence España- con incidencia especial no Common Law, tanto o inglés como o norteamericano, nun intento de coñecer comparativamente a diferenza entre os dous grandes sistemas xurídicos que existen na actualidade.	A1	B1	C26	D1
	A2	B2	C79	D2
	A3	B3		D3
	A4	B4		D4
	A5			D5

Contidos

Tema	
I. O RENACEMENTO XURIDICO MEDIEVAL E A FORMACION DUN DEREITO COMUN EUROPEO (SÉCULOS XII a XV)	Tema1.- SUPOSTOS CULTURAIS E POLITICOS DO RENACEMENTO XURIDICO MEDIEVAL 1.- Significación do fenómeno na cultura xurídica europea. 2.- Elementos configuradores da identidade político-cultural do Medievo. Tema 2.- A TRADICION XURIDICA ROMANO CANONICA 1.- Asimilación científica do dereito romano-xustiniano. 2.- Formación dun sistema de dereito común romano-canónico por obra da xurisprudencia. 3.- Difusión do dereito común romano-canónico no continente europeo como fenómeno cultural. Tema 3. A TRADICION XURIDICA DO COMMON LAW E A EQUITY 1.- Configuración xudicial do dereito inglés. 2.- Incidencia da tradición xurídica romano-canónica na formación do dereito inglés.
II. O DEREITO COMPARADO	Tema 4.- HISTORIA DO DEREITO COMPARADO. 1.- O século XIX. 2.- O periodo de 1918 a 1945. 3.- A época actual. 4.- Funcións do dereito comparado. 4.1.- Unificación do dereito. 4.2.- Entendemento internacional. 4.3.- Un mellor coñecemento do dereito nacional.
III. FAMILIAS XURÍDICAS.	Tema 5. O CONCEPTO DE FAMILIA XURÍDICA. 1. Agrupamento dos dereitos en familias. 2. Elementos variables e constantes no dereito. 3. Criterio para a clasificación dos dereitos en familias. Tema 6. AS FAMILIAS XURÍDICAS DO MUNDO CONTEMPORÁNEO. 1. Familia romano-xermánica. 2. Familia do Common Law. 3. Relación entre estas dous familias. 4. Familia dos laws e da Equity. 4.1.- Carácter fundamental da distinción. 4.2.- Aplicacións da Equity. 4.3.- A Equity dende 1875. 5.- Importancia do dereito adxectivo. 6.- A norma xurídica (legal rule).

Tema 7.- A FAMILIA DO COMMON LAW (1): ESTRUCTURA DO DEREITO INGLÉS

1.- Orixinalidade das categorías e conceptos do dereito inglés. 2.- Explicación histórica da estrutura do dereito inglés. 3.- Función das universidades. 4.- Common Law e Equity.

Tema 8.- A FAMILIA DO COMMON LAW (2): FONTES DO DEREITO

1.- A Lei. 1.1.- A Lei elemento extraño no dereito inglés. 1.2. Importancia actual da Lei. 2.- O costume. 3.- O precedente Xurisprudencial. 4.- Os principios xurídicos.

Tema 9.- A FAMILIA DO COMMON LAW (3): ORGANIZACIÓN DA XUSTICIA INGLESA

1.- Os tribunais ordinarios. 1.1.- Os tribunais inferiores. 1.2.- Os tribunais superiores. 2.- As restantes xurisdiccións. 3.- O Ministerio Público. 4.- Os profesionais. 4.1.- Barristers. 4.2.-Solicitors.

Tema 10.- A FAMILIA DO COMMON LAW (4): O PROCEDEMENTO PENAL INGLÉS

1. - Principios xerais. 2. - Clasificacións dos delitos. 3.- As penas. 4.- Reglas especiais do procedemento criminal. 4.1.- Iniciación do proceso. 4.2.- Vista preliminar. 4.3.- O procedemento rápido. 5.- Os xuícos con xurado. 5.1.- O xurado. 5.2.- A vista oral. O discurso de apertura. 5.3.- As probas. 5.4.- O discurso final. 5.5.- A sentenza.

Tema 11.- A FAMILIA DO COMMON LAW (5): O PROCEDEMENTO CIVIL INGLÉS.

1.- Principios xerais. 2.- A demanda. 3.- A fase interlocutoria. 4.- A vista oral. 5.- As sentencias e los fallos: a doutrina do precedente. 6.- A execución das sentencias. 7.- O recurso de apelación.

Tema 12: A FAMILIA DO COMMON LAW (6): ALGUNHAS INSTITUCIÓN TÍPICAS DO COMMON LAW.

1.- Os dereitos reais. 1.1.- O dereito de propiedade: a terra como obxecto da propiedade. 1.2.- Dereitos legais e de equidade sobre inmobles. 1.3.- A propiedade dos bens mobles. (Chattels). 1.4.- Enaxenación da propiedade. 2.- Administracións (trusts). 2.1.- Reglas para a administración dos trusts. 2.2.- Salvaguardas dos trusts. 3.- Torts.

Tema 13. -O COMMON LAW NOS EEUU DE AMÉRICA.

1.- O dereito nos Estados Unidos de América. 1.1.- Factores históricos de diferenciación. 1.2.- Estructura do Dereito nos Estados Unidos. 1.3.- Fontes do Dereito.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30.5	58	88.5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	21	0	21
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	En cada sesión maxistral a profesora expoñerá unha lección do temario. Se aclararán as cuestións máis problemáticas, co obxectivo de facilitar o aprendizaxe do alumnado.

Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma

De cando en vez, se plantexará un caso práctico para resolver na aula, e tamén se plantexarán problemas derivados dunha sentenza do Common Law inglés e dos EEUU de América.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Na resolución de problemas se fará unha atención personalizada para cada persona que teña dúbidas con respecto aos casos prácticos plantexados

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Os alumnos responderán por escrito un exame sobre o temario desenvolvido ao longo do curso, que conterá dous ou máis preguntas de desenvolvemento longo, sobre os máis importantes sistemas xurídicos imperantes no mundo actual.	50	A1 A2 A4 A5	B1 B2 B3	C79	D1 D2 D3 D4
	Resultado de aprendizaxe: coñecemento comparativo da diferenza entre os dous grandes sistemas xurídicos que existen na actualidade, o anglosaxón e o continental ao que pertence España- con incidencia especial no Common Law, tanto o inglés como o norteamericano.					
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Avaliación do estudo intensivo de determinados temas. Discusión, participación e elaboración de documentos e conclusións, sobre o sistema xurídico do Common Law, tanto o inglés como o norteamericano,	50	A2 A3	B4	C79	D1 D3 D5
	Resultado de aprendizaxe: coñecemento comparativo da diferenza entre os dous grandes sistemas xurídicos que existen na actualidade, o anglosaxón, e o continental ao que pertence España- con incidencia especial no Common Law, tanto o inglés como o norteamericano.					

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segunda convocatoria e exame fin de carreira: un único exame escrito que dá dereito a acceder ao 100% da nota.

Ao exame escrito de primeira convocatoria (50%) súmanlles as cualificacións de sesión maxistral, presentacións ou prácticas, (50%).

Os estudantes que acrediten non poder asistir a clase terán dereito a unha proba final, que poderá consistir nunha pregunta longa, varias curtas ou nunha proba tipo test, e tamén nalgún caso práctico, tendo o exame unha valoración dun 100%.

Non se gardarán os resultados alcanzados na avaliación continua nos próximos anos.

As datas para os exames de Sistemas Xurídicos Contemporáneos son as que fixe a Xunta de Facultade para o curso 2016 - 2017

Bibliografía. Fontes de información

ALCARAZ VARÓ, ENRIQUE, **El inglés jurídico**, Barcelona, 2002,
ALISTE SANTOS, TOMÁS J., **Sistema de Common Law**, 2013,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304